



Culturalgal, a Feira das Industrias Culturais, é un evento único, de periodicidade anual, que este ano chega á súa quinta edición consolidándose como **o fogar das industrias creativas** en Galicia.

Articúlase como un espazo permeable, coas portas e ventás abertas para o diálogo directo entre a cultura e a sociedade, que conxuga o **encontro profesional** coa presentación, promoción e venda **aberta ao público** de produtos e servizos. Unha gran casa construída polos distintos gremios da cultura: libro, creación audiovisual, artes escénicas, música, deseño, internet e novas tecnoloxías.



A Feira das Industrias Culturais está organizada pola **Asociación Culturalgal**, unha entidade da que forman parte as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (Agaphono), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi). Nesta nova edición da Feira das Industrias Culturais, realizouse un esforzo integrador que levou a outras **15 asociacións sectoriais** a participar no evento, como é o caso da **Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC)**

Culturalgal, a Feira das Industrias Culturais, conta co patrocinio da Xunta de Galicia, a través da AGADIC e a S.X. Política Lingüística, do Concello de Pontevedra, do Ministerio de Cultura e máis de 30 entidades e empresas colaboradoras. No eido das industrias culturais é sen dúbida **o proxecto galego coa rede máis ampla de colaboradores institucionais**,

asociativos e empresariais.A Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (**AGPXC**) impulsa a Mesa de Traballo para Axentes Culturais “Compartindo multiplicamos”, que se realiza no marco do Culturalgal.

A Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural nace en maio de 2008 por iniciativa de técnicos e xestores culturais e pretende ser **un espazo de encontro e reflexión así como unha plataforma de representación profesional** dos xestores culturais galegos.



Na Web, Facebook e Twitter da asociación pode ampliarse información e acceder a novas de actualidade sobre a profesión:

www.xestoresculturais.org

facebook.com/agpxc.xestocultural

twitter.com/xestocultural

Compartindo multiplicamos. Mesa de traballo para Axentes Culturais BLOQUE temático - venres 30 de novembro

Nos últimos tempos **o mundo está mudando**, unha profunda crise económica, xunto cunha transformación radical dos valores e a incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación á nosa vida cotiá, supoñen un novo reto en todos os ámbitos da vida, no ámbito privado e familiar, nas nosas relacións sociais e, como non, no eido profesional.


O sector cultural non é alleo a esta realidade, todo o contrario, tal vez é un dos sectores que, en España e en Europa, estase vendo máis afectado por esta transformación.

Os axentes que desenvolvemos a nosa actividade profesional neste eido non podemos obviar que o contexto mudou e **debemos, por responsabilidade persoal e colectiva, reflexionar xuntos sobre os novos contextos nos que temos que operar**, sobre os recursos cos que podemos contar e sobre os modelos de gobernanza que podemos practicar para desenvolver os nosos proxectos.


O reto que nos propoñemos é discutir, xuntos, sobre tres temas que consideramos clave:



Lonxe de comprender estes tres temas como compartimentos estancos **queremos debater sobre as interseccións** entre estas tres áreas de traballo, sobre como as decisións que tomamos ao redor de cada área de pensamento e acción repercute na outra, significando ás veces, outputs difíciles de predecir e complexos de resolver se non os pensamos previamente. Queremos falar con vós: convidados e asistentes das diferencias e pareceres entre os diferentes **ÁMBITOS DO SECTOR CULTURAL** e da relación que se establece con sectores como o **POLÍTICO** e o **ECONÓMICO**



Propoñemos unha análise dende diferentes puntos de vista. Os puntos de vista dos diferentes axentes que operamos no sector cultural:



Faremos unha análise TRANSVERSAL realizada a partir da mirada de persoas vinculadas a diferentes sectores, para obter deste xeito unha mirada poliédrica que nos permita analizar as formas de operar doutros ámbitos do sector cultural. **A idea é practicar o trasvase de coñecementos, experiencias e informacións dun sector ao outro**, cando sexa posible, viable e interesante . Buscando posibles vías de colaboración entre ámbitos de coñecemento do sector cultural e deste, coa economía e coas políticas culturais das organizacións políticas do noso territorio.

Queremos acurtar distancias entre o sector económico, o ámbito político e o propio sector cultural. **Coñecernos, re-coñecernos e saber qué recursos podemos compartir** e cales son as necesidades do outro. Todo isto pode axudarnos a trazar **PONTES e PROXECTOS** comúns.

Obxectivos propostos para esta Mesa de Traballo

- **Re-coñecer** a diferentes axentes do sector cultural e os seus proxectos dun xeito máis profundo.
- **Intercambiar** experiencias, información e coñecemento sobre financiamento, internacionalización, programación ou produción artística e de produtos culturais.
- **Iniciar un punto de encontro** informal e participativo entre os sectores económico, cultural e político e dotalo de continuidade.

A quen lle pode interesar?

- A **políticos** para coñecer e escoitar ao sector cultural dun modo máis directo fora dos tempos electorais.
- A **persoas/proxectos vinculados a recursos económicos para a cultura** para poder coñecer as súas necesidades e establecer acordos ademais de dar a coñecer entre o sector cultural os seus produtos e/ou servizos.
- Aos **profesionais do sector cultural** para coñecer dun xeito máis profundo a persoas/proxectos/recursos doutros territorios, doutras áreas de coñecemento do sector cultural, políticos que deciden ou desenvolven oposición no ámbito da cultura e persoas e/ou proxectos que operan no ámbito económico e que poden ser recursos de interese para o noso sector.

¿ Quen estará?

Entendemos que todas as visións son importantes, por iso, segundo avancen as inscricións a lista actualizarase na web de Culturгал, pero podemos destacar a presenza confirmada de:

Ramon Carmelo Coordinador de Coop57 Galicia Servizos Financeiros Eticos e Solidários (Pontevedra); **Jordi Durán** Director da Fira de Tárrega; **Vítor Belho** Produtor de Ideas e Xestor Cultural (Santiago de Compostela); **Vítor Flores** Director de Cultura de Red Bull España (Madrid); **Elisabete Paiva** Coordinadora do Servizo Educativo do Centro Cultural de Vilaflor (Portugal); **Fernando Bernúes** Director Artístico de Donosti2016; **José Manuel Sande** programador de CGAI (A Coruña); **Cristina Salvador** Directora de aPortada (Barcelona); **Rui Cerveira** Director do Teatro Extremo de Almada (Portugal); Colectivo Axóuxere (Rianxo); **Margarida Troguet** Directora do Teatro L'Excorxador (Lleida); **Manuel del Río** de DAG (Santiago de Compostela); **Cristina Alonso** Directora do Centro de Creación Graner (Barcelona); **Carmen Castro** Técnico de Cultura e responsable

do FIOT (Carballo), **Xavier Campos** de Sondanorte (Ribadeo); **Inma López Silva** Profesora da ESAD e Escritora, membro de Compromiso por Galicia (Vigo); ademais de representantes de Cultura do resto de partidos do espectro político galego que tamén están convidados.

Tamén estarán presentes representantes doutras asociacións de xestores culturais como **Cristina Riera** da APGCC de Cataluña, **Iguazel Elhombre** Presidenta de Procura (Aragón) e **Rubén Caravaca** Presidente de AGETEC (Madrid)



A METODOLOXÍA

- 10 mesas cun máximo de 10 persoas cada mesa.
- Cada mesa composta por 2 convidados, 1 conductor e un máximo de 7 inscritos.
- Todos e todas debedes participar activamente: conductor, convidados e inscritos.
- O conductor dará turnos de palabra, establecerá tempos e recollerá recursos para compartir nun documento final que se publicará na web de Culturgal e de AGPXC.

Os nosos **DESEXOS** son que todas as persoas inscritas **participen activamente** na Mesa de Traballo comentando os seus proxectos e experiencias, compartindo información e recursos e formulando preguntas ao resto de persoas inscritas e convidadas.

O PROGRAMA

9:30 (na OFICINA DE INFORMACIÓN da Feira) Acreditacións
Recoméndase chegar con suficiente antelación dada a metodoloxía aplicada.

10:00 a 10:15 (no ESTUDIO)
Presentación da Mesa de Traballo e da Metodoloxía

10:15 a 12:00 (no ESTUDIO)
Presentación de persoas asistentes e dos seus proxectos.
Rolda de preguntas colectivas ao redor dos proxectos dos asistentes.

12:00-12:30 - PAUSA

12:30 a 14:30 (no ESTUDIO)
Entrevista Colectiva (a todos os asistentes)

14:30-16:00 - PAUSA XANTAR

16:00 a 18:00 (no ESTUDIO)
Entrevista Colectiva (a todos os asistentes)

Qué é a entrevista colectiva?: unha persoa da organización, neste caso a coordinadora das mesas e metodóloga da mesa de traballo: **Natalia Balseiro**, irá formulando preguntas ao redor dos temas centrais da xornada: internacionalización, financiamento e programación artística ou produción de contidos.

Unha vez formulada a pregunta esta será respondida a nivel de mesa por parte de todos os asistentes. Xeraremos un debate/discusión (a nivel de mesa) arredor das respostas e pasaremos á seguinte pregunta. *Trátase dunha reflexión colectiva.*

Ás 18:00 finalizan as actividades da xornada. En calquera caso, ao realizarse no marco do Culturgal, a Feira das Industrias Culturais de Galicia, durante toda a fin de semana as persoas inscritas e o público poden disfrutar de balde dunha ampla variedade de actividades e **showcase artísticos** nos cinco escenarios da feira, nos 70 stands das entidades presentes e na programación de **MAPEA**, actuacións que se celebran durante a noite do venres en lugares singulares da cidade de Pontevedra.



Toda a programación de Culturgal está dispoñible en www.culturgal.com
A casa da cultura galega é a vosa casa. Vós tedes a chave